


Intelixencia colectiva: a mellor estratexia internacional

Description

Recentemente o IGADI presentou una iniciativa visual para completar a estratexia internacional do Concello da Coruña. O mapa da Cidade Global é un instrumento estratéxico de posicionamento turístico, pero sobre todo unha ferramenta de intelixencia colectiva trasladada ao nivel internacional.

Como se pode definir este proceso? A teoría da (nova) diplomacia urbana que tratei na miña tese pode servir de guía a este proceso:




Diagrama da Nova Diplomacia Urbana (NDU) – fonte : Espiñeira-Guirao, 2022.


O elemento clave é o mandato local, a "misión operacional" que cada Concello ten impregnado no seu ADN. Influído por un factor externo (as políticas ou Axendas internacionais) e por un factor interno (o "talento" da cidade), o mandato local vaise ver incitado cara as oportunidades internacionais.

Mais, que é este talento? E pode poñerse nun mapa?

No paradigma da nova diplomacia urbana entenderemos o talento coma a capacidade intelectual, individual e colectiva, de

propor e de levar a cabo os proxectos da cidade na súa dimensión internacional.

A condición para que este talento funcione é que estea coordinado da maneira mais efectiva posible. Unha posición internacional forte precisa dunha economía de escala onde os esforzos de cada actor suman. Esta é precisamente a utilidade do mapa: harmonizar os esforzos globais dun punto de vista práctico, visual e flexible.



Mapa global da Coruña (2023) – fonte IGADI

Práctico porque grazas ao mapa non se precisa crear unha nova estrutura de participación ou un longo documento de coordinación local. O efecto visual do mapa pode resultar obvio ; mais cómpre salientar o seu impacto para os cidadáns e os actores locais (que fan seu o adxectivo “global”) e, por suposto, a influencia desta visualización nos niveis nacional e internacional. Finalmente, o mapa é flexible, pode modificarse segundo a evolución da cidade: un mapa sempre se pode camiñar!

Toda a información sobre as Bases de Acción Exterior da Coruña, mapa da cidade global incluído, atópase en www.acoruna.hub.gal.

ETIQUETAS

Paradiplomacia marketing territorial mapa cidade global

IDIOMA

Galego

INVESTIGACION

Paradiplomacia

Date Created
Maio 24, 2023
Meta Fields
Autoria : 17156